



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Obradoiro de subvencións. Nivel avanzado

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	40
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	ANULADO	ANO:	2014
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL + TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxeto do obradoiro é:

Analizar o marco xurídico das subvencións: a normativa comunitaria, estatal e autonómica.

Analizar as figuras xurídicas afíns á subvención e que, de xeito habitual, son utilizadas (en ocasións de forma fraudulenta) coa finalidade de evitar a aplicación do réxime xurídico previsto para as subvencións.

Mellorar a técnica para a redacción e desenvolvemento das bases de subvencións, mediante o estudo dos distintos procedementos de concesión das subvencións, incidindo ao longo do módulo na necesidade de concienciar ao xestor autonómico do abuso do outorgamento directo de subvencións fronte ao carácter excepcional que se lle atribúe na Lei.

Analizar o proceso de xustificación, reintegro e comprobación das subvencións; comprendendo os mecanismos previstos na lexislación para acadar unha xestión adecuada da actividade de fomento.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1,A2 e dos grupos I e II responsables na tramitación de expedientes de subvencións.

PROGRAMA

O contido teórico do curso está integrado polos seguintes módulos:

Módulo I: O marco xurídico das subvencións. A subvención: concepto, caracteres e principios. Elementos subxectivos das subvencións: entes subvencionadores, entidades colaboradoras, beneficiarios da subvención. Gastos subvencionables. Subcontratación das actividades subvencionadas. Axudas de Estado. Especial referencia á normativa comunitaria.

Módulo II: As subvencións fronte a outras figuras xurídicas afíns: especial referencia ás doazóns modais, ás becas, premios, patrocinios e inversións inmateriais. Procedementos de concesión de subvencións e bases de convocatoria.

Módulo III: Aspectos xerais de xestión orzamentaria: créditos orzamentarios, modificacións orzamentarias, execución orzamentaria. Xestión orzamentaria de subvencións: tipos de subvencións, xestión por procedementos de adxudicación (concorrenza competitiva, concesión directa e subvencións nominativas). Casos especiais (pagos a conta, tramitación anticipada e compromisos futuros, incorporación e imputación de créditos, autorización polo Consello da Xunta de Galicia).

Módulo IV: Xustificación, reintegro e comprobación de subvencións. Infraccións e sancións en materia de subvencións. Control financeiro das subvencións.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Achegarase certificado de funcións do seu inmediato superior donde se manifieste a relación directa dos contidos do curso.

Os criterios xerais da EGAP, segundo a resolución do 4 de xaneiro de 2008.

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: Mixto

INICIO / FIN: 15/09/2014 a 03/11/2014

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE